

## PROTOCOLO DE CENTRO COVID-19

### INTRODUCCIÓN

O presente protocolo de centro ten por obxecto crear contornas escolares saudables e seguras mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

### MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS

De conformidade co establecido coas instrucións de carácter xeral editadas pola Xunta de Galicia e coas previsións do "Plan de Reactivación no ámbito Infanto Xuvenil en relación coa infección polo VIRUS SARS-CoV 2" deberán terse en conta as seguintes medidas preventivas:

- Un equipo COVID-19 que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. Dito equipo está formado por:

Macarena Mato Vázquez	Directora do centro
Joaquín Moreira Mira	Profesor de ESO
Mónica Cancela Torreira	Profesora de Ed. Primaria

- O centro de saúde de atención primaria de referencia onde a directora do centro poderá resolver incidencias no centro será o Centro de Saúde de Carballo, situado na Av. Ambulatorio, s/n Carballo (981.70.18.28) onde a maioría do alumnado ten os pediatras/médicos de familia.
- O persoal docente e non docente do centro educativo realizará unha autoenquisa diaria de síntomas (ANEXO I)
- O persoal e profesorado será o mesmo que o curso 2019/2020 para reducir rotacións de persoal e organizar equipos estables e reducir contactos.
- O alumnado (ou os seus pais/nais/titores) realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria antes da chegada ao centro. Utilizarase a enquisa clínico – epidemiolóxica do ANEXO I.

A canle informática subministrará de xeito seguro e con respecto á normativa de protección de datos os seguintes fluxos de información:

- Para comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro educativo o antes posible, recoméndase que o caso confirmado ou a persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro. Deste xeito, o Equipo Covid poderá comezar a recompilar a información necesaria para a identificación dos contactos estreitos.

- Sempre que ao Equipo Covid se lle notifique que existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de Covid-19 no centro de ensino, deberá pórse en contacto coa Central de seguimento de contactos (CSC) para 10 de 97 identificar os contactos estreitos do ámbito educativo. Poderá facelo a través do número de teléfono específico para educación, habilitado de 9 a 22h todos os días da semana e que estará dispoñible en EduCovid, na Axuda da aplicación, así como tamén nos apartados Equipo e Centro médico.

- Como ocorre con calquera outro caso confirmado de Covid, a CSC porase en contacto co caso confirmado ou coa persoa de referencia, para facilitarlle as indicacións de illamento, realizar a enquisa epidemiolóxica e identificar os contactos estreitos do ámbito persoal do caso. Durante esta enquisa epidemiolóxica identifícase ao caso confirmado como estudante ou traballador dun centro de ensino. Deste xeito, unha vez localizado o centro, a CSC envía unha notificación ao Equipo Covid, a través da aplicación EduCovid solicitando os contactos estreitos do caso que se produciran no ámbito educativo.

- Neste momento, se previamente non se fixo, o Equipo Covid deberá pórse en contacto coa CSC a través do número de teléfono dispoñible en EduCovid, na Axuda da aplicación, así como tamén nos apartados Equipo e Centro médico. • Sempre será a CSC a que cargará a petición de contactos en EduCovid, para o que identificará ao caso coa correspondente IdOrixe. Se a CSC atopa dificultades para localizar ao caso no centro concreto, facilitaralle a IdOrixe

ao Equipo Covid e pediralles que realice a súa carga en EduCovid. En ningún caso se notificarán contactos estreitos por medios diferentes a EduCovid.

- O persoal da CSC axudará ao Equipo Covid a identificar e elaborar a listaxe de contactos estreitos do caso. Estes contactos estreitos 11 de 97 poderán seleccionarse da "Rede de contactos" proposta por EduCovid, na que se inclúen compañeiros de clase, de comedor, de transporte, profesorado e outros (coma os recreos, etc...). Para esta determinación terase en conta o previsto no Anexo I BIS.

- Existe a posibilidade de que algún contacto estreito do caso non se atope dentro desta rede de contactos, polo que o Equipo Covid deberao incorporar de forma manual. Unha vez definida a listaxe de contactos estreitos que precisan corentena, e tras ser acordada co persoal asignado da CSC, o Equipo Covid enviará a listaxe de contactos estreitos á CSC a través da aplicación EduCovid. No caso de que, conxuntamente coa CSC, non se identifiquen contactos estreitos no centro, premerase igualmente o botón "Notificar a Sanidade" sen seleccionar a ningunha persoa. Deste xeito, o estado do expediente pasará de "Petición de contactos" a "Contactos comunicados", coa correspondente traza temporal.

- No descrito previamente asúmese que, se é o Equipo Covid quen lle notifica á CSC que no centro existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de Covid-19, a CSC pode verificar esta información. Pode ocorrer que á CSC aínda non dispoña da información necesaria para facelo, polo que nesta circunstancia procederase do xeito seguinte:

- 1. Unha vez recibida a notificación, á CSC axudará a buscar indicios que verifiquen que se trata dun caso confirmado de Covid. Se hai información abondo, ou non é posible desbotar a información como resultado dun erro, o Equipo Covid cargará o caso en EduCovid co IdOrixe 0000. Isto indicará que o caso aínda non está verificado. 12 de 97

- 2. Despois, procédese a identificar aos posibles contactos estreitos coma en calquera outro caso confirmado e gárdanse, pero non se notifican. Deste xeito, á CSC non lle chegará a listaxe de contactos estreitos e será a persoa directora do centro quen adiante esta información aos posibles contactos estreitos (a eles e só a eles). A dirección informará ás persoas afectadas que, conxuntamente coa CSC, determinouse que moi probablemente son contactos estreitos dun caso confirmado de Covid-19, polo que deben quedarse na casa en corentena.

- 3. Entre tanto, o resultado positivo chegará á CSC e haberá unha IdOrixe válida. Nese momento, a CSC chamará ao centro e facilitaralle esta IdOrixe, para que o Equipo Covid modifique o Id 0000 polo IdOrixe real. Unha vez feito isto, o centro educativo notificará a listaxe de contactos estreitos a través da aplicación e procederase de forma habitual, onde a CSC chamará aos contactos estreitos para enquisalos e iniciar o seguimento.

En todo este proceso, esixírase extremar a confidencialidade profesional acerca da información da persoa diagnosticada da Covid.

Tras a aparición dun caso confirmado da Covid-19 segúranse, en todo momento, as instrucións da Autoridade Sanitaria. A CSC encargarase da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

**HORARIOS DE ENTRADA DO ALUMNADO**

<b>9:00</b>	3º e 4º ESO. PORTA DIANTE.
<b>9:05</b>	1º e 2º ESO. PORTA ATRÁS.
<b>9:20</b>	1º, 2º, 3º Ed. Primaria. PORTA PRINCIPAL.
<b>9:30</b>	4º, 5º, 6º Ed Primaria. PORTA ATRÁS.
<b>9:40</b>	Ed. Infantil. PORTA DE INFANTIL.
<b>15:20</b>	1º, 2º, 3º Ed. Primaria. PORTA PRINCIPAL. Ed. Infantil. PORTA DE INFANTIL. 1º e 2º ESO. PORTA ATRÁS.
<b>15:30</b>	4º, 5º, 6º Ed. Primaria. PORTA ATRÁS. 3º e 4º ESO. PORTA DIANTE.

**HORARIOS DE SAÍDA DO ALUMNADO**

<b>12:55</b>	1º, 2º, 3º Ed. Primaria. PORTA PRINCIPAL.
<b>13:00</b>	Ed. Infantil. PORTA DE INFANTIL.
<b>13:05</b>	4º, 5º, 6º Ed. Primaria. PORTA ATRÁS.
<b>13:10</b>	1º e 2º ESO. PORTA ATRÁS. 3º e 4º ESO. PORTA DIANTE.
<b>16:55</b>	1º, 2º, 3º Ed. Primaria. PORTA PRINCIPAL.
<b>17:00</b>	Ed. Infantil. PORTA DE INFANTIL.
<b>17:05</b>	4º, 5º, 6º Ed. Primaria. PORTA ATRÁS.
<b>17:10</b>	1º, 2º ESO. PORTA ATRÁS. 3º, 4º ESO. PORTA ATRÁS.

**HORARIOS DE ENTRADA DO PROFESORADO**

<b>MAÑÁN</b>	- Os profesores de ESO deberán estar nas aulas as 8:45 - Os profesores de Ed. Infantil e Primaria deberán estar nas aulas as 9:00
<b>TARDE</b>	Os profesores deberán estar nas aulas as 15.10

Estes horarios deberán ser respectados escrupulosamente.

### HORARIOS DE PATIOS

<b>11:00 – 11:20</b> ou antes	EDUCACIÓN INFANTIL
<b>11:25 – 11:45</b>	ESO
<b>11:50 – 12:10</b>	EDUCACIÓN PRIMARIA



## EDUCACIÓN INFANTIL

### 4º EDUCACIÓN INFANTIL

O alumnado de 4º Educación Infantil incorporárase o **xoves día 10 de setembro**. Ese mesmo día os pais deberán traer unha declaración de responsabilidade firmada esixida e establecida pola Xunta de Galicia.

Debido á situación que estamos a vivir este ano non foi posible ofrecer o período de adaptación que facemos sempre, por iso, e para facilitarlle a entrada no centro aos nen@s, empezarán en 2 grupos e en 2 quendas do xeito que segue:

<b>10-16</b> setembro	<b>1º grupo</b> de 9:45 a 11:15 Ventilación e desinfección
<b>10-16</b> setembro	<b>2º grupo</b> de 11:30 a 13:00
<b>17-18</b> setembro	<b>Todos xuntos</b> toda a mañá en horario de 9:45 a 13:00.
<b>21</b> setembro	<b>Horario habitual</b> de 9:40 a 13:00 e de 15:20 a 17:00 Con tódolos servizos de comedor e madrugadores.

**A entrada** realizarase polo lateral esquerdo do centro. Esa é a zona exclusiva de Educación Infantil e por aí non accederá ningún outro grupo. Farase ringleira na acera cun adulto por neno/a e respectando as sinais de distanciamento.

O neno/a entrará co profesorado encargado de recollelos e pasará á aula previa toma de temperatura. O adulto que o acompaña, pai/nai ou persoa autorizada sairá polo portal a modo de circuíto para evitar aglomeracións e facilitar o tránsito.

**A recollida** farase do mesmo xeito; facendo ringleira na acera e respectando as distancias, cada pai/nai ou persoa autorizada recolle ó seu neno da man do profesorado encargado e seguindo o mesmo circuíto de saída polo portal para abandonar o centro na maior brevidade posible.

**As pinturas, plastilinas e materiais** que van a utilizar na aula estarán en bolsiñas individualizadas para a súa correcta desinfección.

**As merendas** de media mañá virán nunha bolsiña de tela que levarán cada día para lavar a 60º.

**O mandilón** permanecerá na clase toda a semana.

As **actividades de E.F. e música** desenrolaranse no pavillón ou no exterior sempre que o tempo o permita, e o resto das actividades/materias terán lugar na aula.

O **alumnado de BUS** ocupará sempre o mesmo asento, entrará no centro pola porta principal e dirixirase co profesor á súa aula. **O uso da máscara no BUS e na entrada do centro é OBRIGATORIO.** Os nenos do BUS traerán unha bolsiña de tela para uso exclusivo da máscara, que a profesor@ lle gardará ao entrar na aula e lle colocará para saír.

**No comedor, no servizo de madrugadores, nos patios e en tódalas actividades** os nen@s estarán sempre co seu grupo/aula, denominado GCI (grupo de convivencia estable) ou aula burbulla e cos seus profesores.

O profesor@ contactará con cada familia por teléfono para as titorías e aclaración de dúbidas.

## **ACTUACIÓN EN CASO DE PERSOAL SINTOMÁTICO antes de acudir ó centro de traballo.**

Ante a aparición de sintomatoloxía compatible (a relacionada no ANEXO I) no persoal non docente e profesorado (tose seca, febre maior de 37'5 °C, dificultade respiratoria, fatiga severa, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto):

- Non acudirán ao centro
- Chamarán ao seu centro de saúde de referencia e a dirección do centro que informará a Sanidade do caso, aportando os datos da persoa sintomática e do persoal do centro que tivera contacto estreito con dita persoa (por contacto estreito entenderase ter estado a unha distancia menor de 1'5 metros durante 10 minutos ou máis)
- Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario.
- Os facultativos valorarán sintomatoloxía e prescribirán diagnóstico.

## **ACTUACIÓN EN CASO DE PERSOAL SINTOMÁTICO DURANTE A XORNADA LABORAL**

- Informar á Dirección do centro que contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC)
- Abandonar o centro o antes posible e dirixirse ó seu domicilio protexido en todo momento por máscara.
- Contactar co seu centro de saúde
- A Dirección do centro informará a Sanidade do caso aportando os datos citados no anterior apartado.
- O persoal e profesorado será o mesmo que o curso 2019/2020 para reducir rotacións de persoal e organizar equipos estables e reducir contactos.
- O alumnado (ou os seus pais/nais/titores) realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria antes da chegada ao centro. Utilizarase a enquisa clínico – epidemiolóxica do ANEXO I.

## **ACTUACIÓN NO CASO DE SINTOMATOLOXÍA DUN ALUMNO/A ANTES DA CHEGADA AO CENTRO.**

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o ALUMNO/A non acudirá ao centro e contactarán inmediatamente co centro de saúde de referencia. Non será necesario ningún xustificante médico para xustificar a ausencia, abondará co comprobante dos pais ou titores legais.

## **ACTUACIÓN NO CASO DE SINTOMATOLOXÍA DUN ALUMNO/A NO CENTRO OU Á CHEGADA AO MESMO**

O alumno será levado polo profesor que estea con el nese momento ao denominado Espazo de Illamento, na dependencia que está situada o lado de Administración e Dirección e avisará á dirección do centro e ó profesor de etapa encargado do COVID-19.

A Dirección do centro contactará coa familia que se presentará no centro á maior brevidade. A familia contactará co pediatra ou facultativo de referencia.

A Dirección do centro contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo.

En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

Desde o inicio do curso o espazo de uso individual do centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas será a SALA DE REUNIÓN S ó lado de Administración e de Dirección. Trátase dun espazo ben ventilado con solucións hidroalcohólicas, máscaras, papeleiras de pedal e panos desbotables.

Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID -19, os nenos e nenas ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. O número de faltas de asistencia derivadas das anteriores medidas consideraranse sempre xustificadas.

Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun diagnóstico positivo da Covid-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva non poderán acudir ao centro, en virtude de ser considerados contactos estreitos. Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo.

As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán permanecer en corentena ata que obteñan o resultado negativo da PCR que se solicitará transcorridos 10 días do último contacto co caso confirmado. Se, polo motivo que fose, pasan 14 días do último contacto co caso confirmado e non se realiza a PCR, a corentena finalizará igualmente.



## MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA

- Cada Grupo Estable de convivencia terá un horario asignado de entrada e saída do centro que deberá ser respectado escrupulosamente.
- Na entrada no Centro, o alumnado, con máscara, deberá dirixirse inmediatamente á ringleira establecida para dirixirse ás aulas.
- A subida e baixada á aula ou espazo para cada Grupo estará sinalada e deberá facerse sempre cumprindo a distancia de seguridade interpersoal..
- Todo o profesorado con clase a primeira hora deberá estar na aula á hora establecida e recollerá ao grupo co que ten clase no lugar de entrada indicado, para vixiar que se manteñen as distancias nas ringleiras ,etc.
- Durante as clases en aulas o alumnado manterá a distancia de 1 metro entre cadeiras con todos os pupitres orientados no mesmo sentido.
- Todos os pupitres ou mesas estarán colocados en liña mirando cara ao profesor/a. Para calquera saída ou movemento dentro e fora da aula deberá facerse sempre con máscara.
- Sentados nos seus pupitres e baixo o seguimento do profesor/a, aplicarase solución hidroalcohólica ao alumnado antes e despois da saída ao patio.
- Nos tempos de lecer, saídas, actividades, etc.. o alumnado deberá levar posta a máscara.
- Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben deberá facelo contra a flexura do cóbado.
- Cando o alumnado acuda aos aseos manterá a distancia física recomendada e realizará hixiene de mans e respectará quenda e as medidas de seguridade que se atopan nas entradas dos mesmos.
- Cada alumno/a terá na súa aula un espazo para a garda do seu material de tal xeito que só poida ser manipulado por el/ela mesmo/a. En consecuencia, o alumnado non compartirá material de uso propio con ningún compañeiro/a.
- Nas aulas onde se conta con equipos informáticos, biblioteca haberá un spray de solución desinfectante que se empregará antes e despois de cada uso, pulverizando todas as superficies do material empregado.
- alumnado seguirá fielmente todas as instrucións e recomendacións establecidas polo profesorado ao seu cargo.
- Estableceranse unha serie de medidas específicas que estarán sinaladas e expostas nos taboleiros de aulas.
- Cada aula / titor terá un documento básico, elaborado polo responsable do grupo (titor/a), onde ademais das normas básicas e específicas de funcionamento, conterá tamén unha listaxe do persoal do centro que ten relación co grupo e o alumnado que o conforma, onde existan ademais un ou varios teléfonos de contacto e o enderezo para, de ser o caso, poder trasladalo ás autoridades sanitarias.
- Para o alumnado de 1º e 2º ciclo de Educación Infantil, restrinxirase o uso do xel hidroalcohólico e priorizarase o uso de agua e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas.
- Para o alumnado de Educación Primaria extremarase o coidado coa utilización do xel hidroalcohólico, administrando unha cantidade de xel adecuada ao tamaño da man de cada neno/a, informando aos nenos e nenas de que debe ser absorbido antes realizar outras tarefas. Nos grupos de idade ata os 7 anos, deberase prestar especial atención por parte dos coidadores á aplicación do xel por parte do alumnado.



## TITORÍAS COAS FAMILIAS

Como norma xeral, ao longo do curso tentaremos manter as entrevistas coas familias por aqueles medios que non precisen a asistencia persoal das mesmas ao Centro (telefonía, correo electrónico, videoconferencia, etc...). Só naqueles casos que sexa indispensable a presenza das familias por un tema que non poda ser resolto doutro xeito, realizarase unha cita previa dos proxenitores ou titores. Para realizar esa entrevista, será sempre fora do horario escolar, e empregarse como lugar de reunión as salas habilitadas. A carón desas salas, está instalado un punto de desinfección, o cal deberemos empregar e facer usar ás persoas entrevistadas. Igualmente, despois desa entrevista, deberemos deixar abertas as portas das salas e faremos unha desinfección das superficies (cadeiras e mesas) coa solución que alí se atopará para tal fin.

Todo o material que se empregue nesa entrevista deberá ser desinfectado antes de volver a ser arquivado ou custodiado.

Calquera citación para entrevista persoal no Centro deberá recollerse por escrito para que quede constancia da data, hora, lugar e membros que acudiron á mesma, co obxecto de facilitar esa información ás autoridades sanitarias se fora necesario. En consecuencia, de todas as entrevistas persoais deberemos cubrir folla escrita da que se deberá dar copia á Xefatura de Estudos no mesmo momento de producirse.

## USO DA MÁSCARA

Será obrigatorio usar máscara en calquera espazo común (corredores, aseos, escaleiras, patio, etc...), nas entradas e saídas do comedor, autobús e do colexio.

O profesorado e persoal non docente do Colexio utilizará en todo momento a máscara de protección, non só pola súa función preventiva senón tamén polo valor educativo e exemplificante. Toda persoa que acuda ao Centro deberá levar tamén a máscara; en caso de que non a leve posta pediráselle que o faga e, en caso de non facelo, prohibiráselle a entrada no Centro. En ningún momento poderá retirarse a máscara. Se alguén considera o uso de viseiras protectoras autorizarase o uso das mesmas pero coa mesma obriga de mantelas durante o seu tempo de estancia no Centro.

Todo o alumnado ten a obriga de usar máscara protectora fóra das aulas e só pode ser retirada unha vez que todo o grupo estable de Convivencia se atope sentado no aula (isto último só no caso de E. Infantil). Cada alumno/a deberá facer unha custodia exemplar da súa máscara gardando as medidas hixiénicas que se refiren e que se explicarán nas titorías. Os alumnos de Ed. Infantil e Ed. Primaria deberán traer sempre ao centro outra máscara en caso de que fose necesaria cambiala e un xel hidroalcohólico.

É obriga de cada familia, así como de cada traballador/a do centro, a adquisición da súa máscara de protección. En calquera caso, o centro contará cun número de máscaras para atender casos excepcionais de alumnado ou persoal que poidan estragar a súa máscara.

## DETERMINACIÓN DOS ESPAZOS PARA A XESTIÓN DOS RESIDUOS

En todos os espazos do centro haberá unha papeleira específica e diferenciada (con tapa e pedal), para desbotar todos aqueles elementos de hixiene persoal (panos desbotables, luvas, máscaras).- O resto de papeleiras terán o uso habitual para separar o lixo: papel, envases de plástico e lixo xeral (labras de lapis, plásticos que non sexan de reciclaxe...)- A xestión dos residuos das papeleiras específicas será tratado dun xeito distinto, para evitar riscos.

## MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

### AULAS ESPECÍFICAS, XIMNASIOS, AULA USOS MÚLTIPLES, ESPECIALIDADES, PAVILLÓN, PISTAS. CORREDORES.

Como norma xeral, todas as especialidades terán lugar na aula de titoría, agás a sesión de E. Física. O material que os especialistas leven á aula deberá ser desinfectado no remate da actividade, antes de ser trasladado ao outro aula.

No caso de necesidade imposta de desdobrar o alumnado de Relixión e Alternativa, primará a permanencia na aula do grupo máis numeroso. En calquera caso deberá cumprimentarse co sinalado anteriormente nas obrigas de ventilación e desinfección.

Nos ximnasios e pavillón haberá instalados dispensadores de xel hidroalcohólico para o seu emprego na entrada e saída do mesmo, así como papeleiras de pedal e panos desbotables así como o material necesario que permita

realizar as rutinas de limpeza antes, durante e ao finalizar a sesión. Ao ser espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica. Para garantir que este tempo se cumpre, os profesores/as de EF irán a buscar ao alumnado á súa propia aula e realizarán alí unha primeira explicación do que se vai levar a cabo na sesión.

As zonas de patio están delimitadas por cursos e deberán entrar e saír rigurosamente según a orde establecida e ocupar cada curso o seu espazo:

Saída ao patio: 6º, 5º, 4º, 3º, 2º, 1º Ed. Primaria PORTA ATRÁS

A entrada farase ó revés empezando por 1º Ed. Primaria.

En ESO a saída e entrada ó patio será empezando polos cursos que están máis próximos a porta de saída.

Respecto da sala de Mestres, reprografía e administración, aínda que non son espazos educativos como tales, establécense tamén as mesmas pautas de hixiene que xa foron sinaladas. Cada máquina, cadeira, ordenador ou material empregado deberá ser desinfectado antes e despois de cada uso. Deberá primarse a ventilación deses espazos con quendas habituais de 5 minutos cada hora, polo que os primeiros 5 minutos de cada hora as fiestras deberán estar abertas. Será responsabilidade do usuario seguir as seguintes normas:

- Desinfectar as mans antes de usar as fotocopiadoras, ordenador, plastificadora...
- Pasar un pano con xel hidroalcohólico polas superficies manipuladas despois do seu uso.
- Limitar o espazo e as distancias de separación interpersoal.
- Uso obrigatorio de máscara.
- Prohibirase en todo momento enviar ao alumnado a recoller fotocopias ou calquera outro tipo de material.

O aforo da sala de Mestres / cafetería, pola súa capacidade, non poderá exceder de 3 persoas. Igualmente o aforo máximo da Biblioteca estará concentrado en 5 persoas.

Na Biblioteca seguiranse as mesmas medidas de distanciamento, limpeza e desinfección nas actividades que alí se realicen. A dirección do centro decidirá suspender o servizo de préstamo e consulta de forma individual ao longo deste curso escolar.

Nos demais espazos do Centro deberán primarse igualmente as normas establecidas.

Na medida do posible evitarase, para facilitar a limpeza, a colocación de anuncios, collages, murais ou outro material nas paredes dos corredores e aulas.

Nos despachos de Dirección e Administración o aforo estará limitado a 2 persoas.

### **MEDIDAS DE USO DE COMEDOR**

O funcionamento do servizo de comedor escolar contará con instrucións específicas de acordo aos criterios que a autoridade sanitaria determine en cada momento.

- Priorízase o alumnado sobre o resto do persoal do centro.
- Cada alumno terá o seu sitio establecido/fixo dende o inicio de curso.
- As mesas están organizadas por cursos /GCE e separados dos demais grupos por mamparas.
- Realizarán hixiene de mans antes de entrar ao comedor e gardarán as máscaras na bolsiña individual establecida.
- Entrarán ao comedor acompañados polo profesorado e gardando as distancias/medidas de seguridade que establece a normativa. A saída realizarase do mesmo xeito.

### **PERSOAL DE COCIÑA E LIMPEZA DA COCIÑA**

- O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús.
- O persoal de cociña deberá levar en todo momento a máscara e deberá cumprir escrupulosamente coas medidas hixénico-sanitarias. Igualmente deberá revisar a desinfección e limpeza do comedor escolar.
- Deberá potenciarse na medida do posible a maior ventilación ao comedor escolar, favorecendo a apertura de fiestras o maior tempo posible.
- Só entrará na cociña a persoa autorizada.

## FUNCIONAMENTO DO CENTRO

- Enquisa / ficha alumno para coñecer datos de conexión a internet, dispositivos que manexan e AUTORIZACIÓN AULA VIRTUAL.
- Informar do uso da AV e facilitaremos a nosa dirección de correo electrónico (as mesmas que tiñamos) que NON FUNCIONARÁN ata que o centro determine que é necesario.
- O alumnado NON poderá saír ao encerado e cada profesor terá a súa propia xiz.
- NON poden compartir nin pedir prestado material.
- TODO o traballo debe ser corrixido na aula asegurándonos de que todos os nenos entenden / corrixen. Mellor pouco e ben que moito e ....
- NON se recolleran para corrixir traballos nin libretas, agás en Ed. Primaria que se corrixirán xa na propia aula.
- Cada alumno/a ten que traer o seu propio xel desinfectante, panos desvotables e unha máscara extra.
- Os alumnos/as desinfectarán as mans antes e despois do patio e cando o consideren necesario. Nos baños lavarán as mans con xabón e auga.
- Tentaremos facer quendas de baño antes de saír os patios e á volta dos mesmos para evitar que vaian durante o patio. Vixiaremos dende a porta da aula se hai nenos esperando.
- En cada cambio de clase ventilar a aula e cada profesor que sae debe desinfectar antes de saír da aula co seu propio desinfectante e o seu propio pano que gardará escrupulosamente nunha bolsiña pechada e seguindo as normas de hixiene.
- Nos desdobres de ESO o alumnado sentarase sempre no mesmo pupitre, non saíran da aula ata que o profesor os recolla e farán desinfección de mans ó saír e entrar da aula.
- En Ed. Primaria a materia de música impartirase dentro da aula.
- As saídas en Ed. Primaria: primeiro saen os nenos da CASA, logo os do BUS acompañados polo profesor/a que estaba na aula pola rampla e os nenos de COMEDOR esperan sentados nos seus pupitres.
- O alumnado de COMEDOR de ESO esperará na aula sentados nos seus pupitres.
- O alumnado de BUS entrará pola porta principal e subirán pola rampla para as súas aulas.
- O alumnado non fará uso da percha, colgarán os abrigos na propia cadeira.

Na Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e na Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, determínanse as medidas e procedementos específicos no caso de situacións que activen o Plan de Ensino Virtual ante a Covid-19 para garantir a continuidade do proceso educativo.